

Orde do 24 de outubro de 2008 pola que se modifica a Orde do 3 de xuño de 2008 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2008-2009.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 39.2 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece no artigo 5 que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adecuará as ensinanzas de formación profesional ás peculiaridades e características das persoas adultas.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión periódica, de xeito que as persoas adultas posúan unha oferta, de xeito parcial por módulos, consciente de que esta modalidade facilita a cualificación profesional diversificada e adaptada ás súas necesidades e ás do mercado laboral.

De acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, modificado polo Decreto 192/2008, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º

Modificar parcialmente a autorización da oferta educativa publicada na Orde do 3 de xuño de 2008 pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, en modalidade presencial, de ciclos formativos en formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2008-2009, autorizando para o curso 2008-2009 a implantación dos módulos nos ciclos formativos e centros educativos relacionados no anexo I, que serán cofinanciados polo Fondo Social Europeo nun 80% para gastos de funcionamento e de profesorado.

Artigo 2º

Exixir, para pór en funcionamento estas ensinanzas, un mínimo de cinco solicitudes de matrícula admitidas por cada centro educativo e para cada un dos módulos formativos de grao medio e superior relacionados no anexo I. Un número menor de solicitudes precisa a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e, mentres que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar matrícula ningunha. A condición do número mínimo de alumnos ou alumnas débeseles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa preinscripción.

Artigo 3º

Non autorizar a implantación dos módulos nos ciclos formativos e centros educativos relacionados no anexo II.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e a Secretaría Xeral para adoptar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

A CORUÑA

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Santiago de Compostela	15023466	IES Lamas de Abade	ZMSAN01	Emerxencias sanitarias	MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia
	15032391	CIFP Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago	ZS15002	Produción de madeira e moble	CS0333	Xestión de almacén en industrias da madeira e o moble

LUGO

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Monforte de Lemos	27007247	IES Francisco Daviña Rey	ZM20001	Atención sociosanitaria	CM0359	Atención e apoio psicosocial
					CM0357	Atención sanitaria
					CM0363	Necesidades físicas e psicosociais de colectivos específicos
			ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0205	Sistemas telemáticos

PONTEVEDRA

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Vigo	36024525	CIFP de Coia	ZS17002	Mantemento de equipo industrial	CS0379	Montaxe e mantemento do sistema mecánico

ANEXO II

A CORUÑA

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Santiago de Compostela	15023466	IES Lamas de Abade	ZMSAN01	Emerxencias sanitarias	MP0056	Atención sanitaria especial en situación de emerxencia
	15032391	CIFP Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago	ZS15002	Producción de madeira e moble	CS0332	Xestión da calidade en industrias da madeira e o moble

LUGO

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Monforte de Lemos	27007247	IES Francisco Daviña Rey	ZS09004	Sistemas de telecomunicación e informáticos	CS0196	Seguridade nas instalacións de telecomunicación informática

PONTEVEDRA

Concello	Código centro	Centro	Código ciclo	Ciclo	Código módulo	Módulos
Vigo	36024525	CIFP de Coia	ZS17002	Mantemento de equipo industrial	CS0380	Montaxe e mantemento dos sistemas eléctrico e electrónico

Orde do 31 de outubro de 2008 pola que se modifica a Orde do 31 de xullo de 2008, pola que se establece a oferta de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 30 que lles corresponde ás administracións educativas organizar programas de cualificación profesional inicial destinados ao alumnado maior de dezaseis anos que non obtivese o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, co obxectivo de que alcance competencias profesionais propias dunha cualificación de nivel I da estrutura actual do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, así como para que ese alumnado teña a posibilidade dunha inserción sociolaboral satisfactoria e de que amplíe as súas competencias básicas para proseguir estudos nas diferentes ensinanzas.

O Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que no ano académico 2008-2009 se implanten os programas de cualificación profesional

inicial e se deixen de aplicar os programas de garantía social regulados na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

Nesta liña, a Orde do 31 de xullo de 2008 establece a oferta de módulos obrigatorios de programas de cualificación profesional inicial en centros públicos de Galicia e prevé que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine anualmente a oferta de programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto e de acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, modificado por el Decreto 192/2008, do 28 de agosto, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.-Modificar parcialmente a Orde do 31 de xullo de 2008 pola que se establece a oferta formativa dos módulos obrigatorios correspondentes ao primeiro curso dos programas de cualificación profesional inicial para o curso 2008-2009, aumentan-